



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Á praia de Noia
eu non poido volver
porque hai moita neve
e poido morrer.

Xa non vou, non vou,
xa non vou aló,
que se son de lei
han de vir acó.

A praia de Noia
non vou a volver
porque hai moita neve
e poido morrer.

Xa non vou, non vou,
xa non vou alá
a casa do cura
/:que me quereá?:/
qué m' ha de querer?

Ten unha sobriña:
que lla vaia ver;
que lla vaia ver
heilla de comprar
e non teño cartos
para lla pagar.

Dámo, nena, dámo, nena,
eu non che pido a vida
da cintura para abaixo,
da rodilla para arriba.

Dáme do teu pan, casada,
do que das ó teu marido,
o meu marido vai fóra,
levou as chaves consigo.

Se te quieres casar
con las chicas de aquí
tienes que ir a buscar
/:capital a Madrí:/
no lo voy a buscar
con las chicas de aquí
no me quiero casar.

Arriba non vou, non vou-e
arriba non vou ir máis-e,
por teu amor meus suspiros
alcanzan'os dos demás-e.

Na miña porta hai tiros
debe d'haber cazadores,
non hai fianza nos homes
nin tampouco nos señores.

Eu xa non te quero
que non vales nada,
eu xa non te quero
pa miña cuñada.

Por debaixo da ponte
víronte pasar,
eras Maruxiña,
viñas de lavar,
viñas de lavar
a cara tamén,
por debaixo da ponte
da vía do tren.

/:I-aunque me voy no te olvido:/
aunque me voy con el cuerpo,
¡ay! no me voy con el sentido.

Tú te tienes por muy alta,
un poquito más o menos,
serás algo más en cuerpo
no demais igual tenemos.

Pensas que che quero moito
porque miro para ti-e,
Dios me garde a miña i-alma
como eu me río de ti-e.



Pensas que che quero moito
porque falo e me río,
soy un poco lisonjero
y no me has comprendido.

Porque pase e non che fale
no deixo de te querer-e,
lo hago bien de mi vida
por no lo dar a entender-e.

Entre los que bien se quieren,
encuéntranse nun camiño
e cambian de color-e
coa forza do cariño.